XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

ESTATUTOS DE AFEXDI

(Asociación para a Formación e Emprego de Xoves Discapacitados)

ANO 2004

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

INDICE

CAPITULO I DA ASOCIACIÓN

Artigo 1 Denominación 4
Artigo 2 Personalidade Xurídica 4
Artigo 3 Domicilio 4
Artigo 4 Duración e ámbito 4-5
Artigo 5 Misión 5
Artigo 6 Principios e Valores 5
Artigo 7 Fíns 6-7
Artigo 8 Actividades 7-8

CAPITULO II SOCIOS

Artigo 9 Socios 9
Artigo 10 Tipos de Socios 9-10
Artigo 11 Socios de Honra e Colaboradores 10
Artigo 12 Ingresos e Baixas 11
Artigo 13 Procedemento de admisión 11
Artigo 14 Documentos de admisión 11
Artigo 15 Número de socios 11
Artigo 16 Obrigas dos socios 11-12
Artigo 17 Dereitos dos socios 12-13
Artigo 18 Réxime Disciplinario 13
Artigo 19 Perda da condición de socio 13-14

CAPITULO III ORGANOS DE GOBERNO

Artigo 20 Organos de Goberno 14
Artigo 21 Asamblea Xeral 15
Artigo 22 Delegación 15
Artigo 23 Participación na Asamblea 15
Artigo 24 Funcións da Asamblea Xeral 15-16
Artigo 25 Clases de Asamblea Xeral e Convocatoria 17
Artigo 26 Acordos da Asamblea Xeral 17-18
Artigo 27 Xunta Directiva 18
Artigo 28 Duración da Xunta Directiva 19
Artigo 29 Elección da Xunta Directiva 19
Artigo 30 Funcións da Xunta Directiva 19-20

Artigo 31 Funcionamento da Xunta Directiva 20-21
Artigo 32 Comisión Permanente.....21
Artigo 33 Comisión de Ética 21
Artigo 34 Presidente 21-22
Artigo 35 Vicepresidente.....23
Artigo 36 Secretario.....23-24
Artigo 37 Tesoureiro.....24
Artigo 38 Vocais.....24-25

CAPITULO IV DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 39 Impugnacións 25
Artigo 40 Recursos 25

CAPITULO V RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIERO

Artigo 41 Recursos económicos 25-26
Artigo 42 Cotas.....26
Artigo 43 Pago de Cotas.....26-27
Artigo 44 Orzamento 27

CAPITULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 45 Procedemento de modificación 27

CAPITULO VII DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 46 Disolución 27-28
Artigo 47 Comisión Liquidadora.....28
Artigo 48 Asamblea Xeral no Período de Liquidación 28
Artigo 49 Destino dos bens resultantes 28
Disposición Adicional 28

CAPÍTULO I
DA ASOCIACIÓN

Artigo 1 Denominación

Procédese ó amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e demáis normas complementarias a adapta-los Estatutos da Asociación denominada "ASOCIACIÓN PARA A FORMACIÓN E EMPREGO DE XOVES DISMINUIDOS", de CIF – G-15396799 e nº de inscripción no Rexistro Provincial de Asociacións sen ánimo de lucro 3.127/1ª. De agora en adiante "AFEXDI".

AFEXDI é o resultado da libre vontade dos seus socios, ostentando a súa representación no ámbito da Comarca de Santiago de Compostela e zonas de influencia.

Artigo 2 Personalidade Xurídica

AFEXDI ten personalidade xurídica propia e independente da dos seus socios, e conforme ó artigo 35 e seguintes do Código Civil goza de plena capacidade xurídica e plena capacidade de obrar para ser suxeito de dereitos e obrigas nos termos previstos nestes Estatutos e nas leis.

Artigo 3 Domicilio

O domicilio principal e permanente da Asociación radica na localidade de Santiago de Compostela (Provincia da Coruña), Polígono de Fontiñas, Rúa París, Residencial 8, bloque 5 – baixo, Código Postal, 15707, teléfono/fax 981 560 127, apartado de correos 2097.

Poderánse utilizar outros locais asociativos adicionais noutras cidades, mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ó Organismo encargado do Rexistro de Asociacións. O traslado definitivo do domicilio social requerirá a ratificación da Asamblea Xeral.

Artigo 4 Duración e ámbito

1.- AFEXDI, constítuese por tempo indefinido, agás causa legal ou estatutaria de disolución, pola vontade dos asociados expresada en Asamblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

2.- A Asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

O ámbito territorial de AFEXDI, é o da Comarca de Santiago de Compostela e zonas de influencia, nembargantes, previo acordo con entidades de ámbito superior, poderá modifica-lo mesmo, en atención ás necesidades do colectivo de persoas con discapacidade.

Ademáis poderá pertencer e actuar con outras organizacións de ámbito Provinciai, Autonomico, Estatal e Internacional.

Artigo 5 Misión

É misión de AFEXDI, PROMOVER E COORDINA-LA defensa dos dereitos das persoas con discapacidade psíquica e física cara a súa plena integración e autonomía persoal.

Artigo 6 Principios e valores

AFEXDI defínese como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional, apartidista, non gubernamental, de carácter voluntario, e poderá solicita-la súa declaración de utilidade pública.

AFEXDI basea a súa actuación nos seguintes principios e valores:

- Democracia interna.
- Solidaridade entre os seus membros.
- Transparencia na xestión e actuación da entidade e os seus socios.
- Defensa das necesidades sociais por encima de intereses particulares.
- Desbotar protagonismos e actitudes competitivas.
- A defensa do colectivo como titulares de dereitos evitando as mensaxes sentimentalistas e asistenciais.

Artigo 7 Fíns

Constitúen os fíns da asociación:

1. Defende-la dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade.
2. Promove-la plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade.
3. Crea-las condicións para que os socios poidan cumprir axeitadamente a misión.
4. Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con discapacidade.
5. Promove-la lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo.
6. Participar na Orientación, coordinación e impulso do Movemento Asociativo con criterios de solidaridade.
7. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.
8. Representa-los seus socios no ámbito local, provincial, autonómico, estatal e internacional.
9. Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade de servicios.
10. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos específicamente á atención da muller.
11. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos específicamente á atención da infancia e á xuventude.
12. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos específicamente á atención das persoas maiores.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

13. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos específicamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.

14. Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.

15. Promover e por en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.

16. Promover e por en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativos e de lecer orientadas ás persoas con discapacidade.

17. Promover e por en funcionamento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos ás persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

18. Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuir ó cumprimento da misión de AFEXDI ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

Artigo 8 Actividades

Para o cumprimento da misión e dos fins de AFEXDI poderá:

a) Organiza-los servicios necesarios de investigación, estudio, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, asi como actividades, cursos e seminarios sobre diversos aspectos da discapacidade.

b) Promover, facilitar ou utilizar tódolos medios lícitos de información, formación e difusión para dar a coñece-los problemas das persoas con discapacidade e o seu entorno.

c) Incorporarse a federacións, confederacións, asociacións, entidades e organismos de carácter provincial, autonómico, estatal ou internacional que poidan ser de utilidade para acada-los fins de AFEXDI.

d) Establecer un sistema coherente na estructuración do Movemento Asociativo.

e) Promove-lo voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos seus fins sociais.

f) Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permita o sostemento económico do Movemento Asociativo.

g) A integración, creación e promocion de centros educativos, ocupacionais, profesionais, residencias, vivendas tuteladas e de protección oficial ou calquera outro centro, que teña unha tipoloxía autorizada por lei, na que primen a inserción socio-laboral das persoas con discapacidade conforme a lexislación vixente.

h) A promoción de centros laborais, incluidos os centros especiais de emprego, participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con discapacidade, en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade, de deberes e dereitos, cos demáis traballadores, conforme á lexislación vixente.

   a) Os Centros Especiais de Emprego dos que a titularidade maioritaria pretenza a unha asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan íntegramente nos propios traballadores discapacitados e/ou na labor social de dita asociación.

   b) Os Centros Especiais de Emprego que adopten a forma xurídica de Cooperativas ou Sociedades Laborais, sempre e cando os beneficios repercutan íntegramente nos propios traballadores do Centro ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ó Movemento Asociativo.

i) Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

CAPITULO II
DOS SOCIOS

Artigo 9 Socios

a) AFEXDI, constitúese como unha entidade aberta da que poden formar parte previa aprobación, tódalas persoas físicas, con plena capacidade de obrar que o soliciten sempre que compartan os principios e fins de AFEXDI na defensa da plena integración das persoas con discapacidade.

b) Quenes desexen pertencer á Asociación o solicitarán por escrito avalado por dous membros e dirixido o Presidente, o cal dará conta á Xunta Directiva, que resolverá sobre a admisión ou inadmisión, sen recurso algún contra o seu acordo. Non se adquire a condición de membro da Asociación, mentres non se cumpran as condicións esixidas nos estatutos e Xunta Directiva.

c) A condición de asociado é intransmisible

Artigo 10 Tipos de socios

AFEXDI, terá as seguintes clases de socios:

1. Fundadores, aquéles que subscribiron a Acta Fundacional.

2. Numerarios, aquéles que ingresaron con posterioridade á subscripción da Acta Fundacional.

3. Honorarios, aquéles que, a xuizo da Asamblea Xeral, contribúan de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.

4. Infantís, menores de 18 anos que participen na Asociación, que estarán integradas na sección infantil, no seu caso.

Poderán ser socios fundadores e numerarios as seguintes persoas:

a) Os pais, titores ou representantes legais en representación dos Menores de idade ou incapaces.

b) As persoas con discapacidade mayores de idade e con capacidade de obrar que non estean suxeitos a ningunha condición legal para o ejercicio do dereito.

Poderán ser socios honorarios:

Persoas que coa súa trayectoria acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das persoas con discapacidade, tendo que vir avalado por tres socios de AFEXDI, non podendo alcanzar un número superior a un vinte por cento da totalidade dos socios con discapacidade.

Poderán ser socios infantís:

As persoas con discapacidade menores de idade, non emancipados, de máis de catorce anos e menos de dezaoito, previo consentimento acreditado documentalmente dos seus pais ou titores.

Os socios que non teñan unha discapacidade, poderán acceder como máximo a cargos de vocais na Xunta Directiva.

Artigo 11 Socios de Honra e Colaboradores

AFEXDI poderá ter Presidente de Honra.

Así mesmo, poderán ser nomeados socios de honra todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distingan pola súa actuación a favor dos fins de AFEXDI e do colectivo que representa.

Os socios de honra non estarán suxeitos ás obrigas establecidas nos presentes estatutos, nin serán titulares de dereitos agás a súa asistencia a Asamblea Xeral Ordinaria con voz pero sen voto.

Os colaboradores serán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada con AFEXDI mediante a súa participación ou mediante achegas económicas. Os colaboradores non son titulares de obrigas nin dereitos.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E PROTECCIÓN CIVIL
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Artigo 12 Ingresos e baixas

O ingreso en AFEXDI como socio da mesma será voluntario. A baixa será voluntaria ou forzosa, por causa legal estatutaria. Toda causa de expulsión constará, debidamente acreditada no correspondente expediente, que non poderá ser resolto sen previa audiencia do interesado.

Artigo 13 Procedemento de admisión

O procedemento de admisión dos socios será:

a) Procedemento de admisión será mediante solicitude escrita ou comunicación do interesado dirixida ó Presidente.

b) Presentación da documentación requerida.

Artigo 14 Documentos de admisión

Documentación a presentar pola persoa:

c) Copia NIF.
d) Copia Certificado de Minusvalía.
e) Copia da resolución xudicial da designación de Titor legal.
f) Autorización expresa de pais ou titores.
g) Por aval acreditativo de 2 socios da entidade.

Os acordos de admisión de asociados/as tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida do Presidente a petición escrita da persoa que desexa ser admitida, petición que sempre irá avalada por dous socios. A Xunta Directiva, asi mesmo, poderá solicita-la ampliación da documentación que considere necesaria.

Artigo 15 Número de socios

Non se establece un número máximo de socios de AFEXDI.

Artigo 16 Obrigas dos socios

1. Observar unha boa conducta individual e cívica actuando de maneira acorde cos valores de AFEXDI, respetando a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade.

2. Acata-los acordos válidamente adoptados polos órganos de goberno e representación de AFEXDI, así como o contido dos Estatutos.

3. Asistir ás Asambleas Xerais.

4. Aportar toda a documentación requirida pola Xunta Directiva.

5. Contribuir ó sostemento de AFEXDI, satisfacendo as cotas ordinarias e/ou cotas de entrada de se-lo caso, de acordo co establecido pola Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.

6. Manter absoluto secreto sobre os datos que coñecera como consecuencia da información adquirida en AFEXDI.

7. Prestar cantos servicios determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asambleas Xerais.

8. Cumplir co resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias, e lexislación vixente.

Artigo 17 Dereitos dos socios

A) A participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, con voz e voto, ser elector e/ou flexible para os cargos directivos, así como a asistir a Asamble a Xeral, de acordo cos Estatutos.

B) A ser informado acerca da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do de senvolvemento da súa actividade.

C) Participar nos programas e iniciativas que sexan impulsados ou coordinados por AFEXDI, nas condicións que establezan os seus órganos de goberno, en cumprimento dos seus fins.

D) Utiliza-los servicios de toda índole que se creen en AFEXDI

E) A acceder a toda a documentación da Asociación nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos persoais.

F) Ser apoiados por AFEXDI nas iniciativas que se crean oportunas.

G) A impugna-los acordos dos órganos da asociación que estime contrarios a lei ou a os Estatutos.

H) Ter copia destes estatutos.

I) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos de asociación.

J) Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias, a ser informado dos feitos que den lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.

Artigo 18 Réxime disciplinario

A proposta da Xunta Directiva, a Asamblea Xeral de AFEXDI, establecerá un Réxime Disciplinario que regule o procedemento e as sancións que poidan impoñerse ós socios que vulneren os presentes estatutos e as decisións dos órganos de goberno.

Artigo 19 Perda da Condición de Socio

Poderá perderse a condición de Socio de AFEXDI por:

a) Decisión voluntaria, manifestada por escrito os órganos de representación, sen que elo lles exima da satisface-las obrigas que teñan pedentes para coa entidade.

b) Por causa ou disposición legal.

c) Por expulsión, a causa de:

- Incumprimento grave do previsto nos presentes Estatutos.
- Reiterado incumprimento dos acordos adoptados polos Órganos de Goberno.
- Desenvolver unha actuación perxudicial e grave para os intereses de AFEXDI.

- Non poñer a disposición de AFEXDI a información ou documentación requerida polos Órganos de Goberno.

- Utilizar medios, para a obtención de fondos, que atenten contra a dignidade das persoas con discapacidade, ou non permitan o control da recadación, custos e destino .dos beneficios obtidos.

- Non satisface-las cotas fixadas, se deixara de facelo durante tres (3) meses consecutivos.

Producida a baixa por vontade dun/unha asociado/a, éste/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cuotas que teña pendentes. Asi mesmo obtida a baixa polo socio/a, non se dará lugar a devolución da/s aportación/s que se satisfixesen a favor da Asociación.

A expulsión como socio de AFEXDI só poderá producirse previa audiencia do interesado e terá efectos definitivos a partir do momento no que se produza o acordo por parte da Asamblea Xeral que levará aparellada a perda de tódolos dereitos derivados da condición de socio.

Os asociados/as poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dun asociado cando se esté tramitando un expediente sancionador, ou concurran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o retraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de réxime interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

CAPÍTULO III
ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 20 Órganos de Goberno

AFEXDI, rexérase polo sistema de outogoberno e o principio de representación a través dos seguintes órganos.

- Asamblea Xeral
- Xunta Directiva

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA

Artigo 21 Asamblea Xeral

A Asamblea Xeral é o máximo órgano de goberno de AFEXDI e estará integrada por:

- Os socios de AFEXDI con voz e voto.

- Tódalas persoas compoñentes da Xunta Directiva da Asociación. O Presidente e o Secretario da Xunta Directiva o serán da Asamblea Xeral.

Artigo 22 Delegación

A asistencia e participación na Asamblea Xeral son indelegables, agás que unha asamblea extraordinaria convocada o efecto, estableza un réxime distinto.

Artigo 23 Participación na Asamblea

Tódolos socios fundadores e numerarios de AFEXDI terán dereito a voz e voto.

Non poderán ser membros da Asambla Xeral todas áquelas persoas que directamente, ou indirectamente mediante o seu cónxuxe ou relación análoga, parentes por consaguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, estean relacionadas con Centros Especiais de Emprego con ánimo de lucro ou calquera outra actividade profesional, empresarial ou industrial que poidese dar lugar a un conflicto de intereses.

Poderán asistir ás reunións da Asamblea, previo acordo da Xunta Directiva, con voz e sen voto, e a título de invitados, todas áquelas persoas que se considere poidan aportar xuizos ou informacións técnicas útiles e importantes para as decisións deste órgano.

Artigo 24 Competencias da Asamblea Xeral

Serán competencias da Asamblea Xeral ordinaria:

1. Coñecer e aproba-los Plans de actividades de AFEXDI.

2. Examinar e, no seu caso, aproba-la Memoria de actividades que cada ano deberá presenta-la Xunta Directiva.

3. Aproba-los orzamentos de ingresos e gastos, de cada exercicio e estado de contas correspondente o exercicio anterior.

4. Fixar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas de calquera tipo que deban aboa-los socios.

Serán competencias da Asamblea Xeral Extraordinaria:

1.- Establece-lo réxime disciplinario.

2.- Adopta-la resolución sobre os asuntos que figuren na Orde do Día ou que se susciten co apoio dos dous tercios dos votos presentes.

3.- Aproba-la modificación de Estatutos.

4.- Ratifica-la expulsión de socios de AFEXDI.

5.-Ratifica-la composición da Xunta Directiva de acordo co previsto nestes Estatutos.

6.-Dirimir toda diferencia ou discrepancia que xurda entre un ou máis socios e calquera órgano de AFEXDI, como igualmente as cuestións que se den lugar sobre a interpretación destes Estatutos ou dos acordos adoptados polos distintos órganos de AFEXDI.

7.-Acorda-la disolución de AFEXDI.

8.- Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación.

9.- Solicita-la declaración de utilidade pública da Asociación.

10.-Aproba-la federación con outras Asociacións.

11.-Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.

12.-Tódalas non conferidas expresamente á Asamblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Artigo 25 Clases de Asamblea e convocatoria

A Asamblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez o ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 25 por cento dos socios de AFEXDI. Neste caso deberá convocarse no prazo máximo dun mes.

Na convocatoria constará, en todo caso, a orde do dia acordada pola Xunta Directiva na que, no seu caso, deberán incluirse tódolos asuntos propostos polo 25 por cento dos socios que s[illegible] a convocatoria comunicarase ós socios de AFEXDI cunha anticipación mínima de quince dias, por correo ordinario.

Artigo 26 Acordos da Asamblea Xeral

A Asamblea Xeral quedará válidamente constituida, en primera convocatoria, cando concorran a mesma entre presentes e representados a metade máis un dos seus socios e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de socios asistentes. Entre a primeira e segunda convocatoria deberá mediar, como mínimo, media hora.

Os acordos adoptaránse por maioría simple dos socios presentes ou representados, cando os votos afirmativos superen os negativos, non sendo computables os votos en branco nin as abstencións. Non obstante para á disposición ou enaxenación de bens inmobles, aproba-la federación con outras asociacións, elixi-los integrantes da Xunta Directiva, ratifica-la expulsión de asociados/as a proposta da Xunta Directiva, designa-los/as liquidadores/as, modificación de estatutos e disolución de AFEXDI, requerirán a celebración da Asamblea Xeral Extraordinaria e os acordos para ser válidos, deberán ter alo menos, o voto favorable dos dous tercios dos socios presentes ou representados.

Os socios poderán outorga-la súa representación, ós efectos de asistir ás Asambleas Xerais, en calquera outro socio. Tal representación outorgarase por escrito, e deberá obrar en poder do Secretario da Asamblea polo menos media hora antes de celebrarse a sesión.

De toda Asamblea Xeral levantarase acta e nela farase consta-lo número de asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra, abstencións e votos en branco e

particulares. Para que os acordos sexan firmes e executivos, a acta deberá estar asinada polo Secretario e o Presidente.

Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos asociados, incluso os non asistentes.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día, procederase a un turno de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluindo co levantamento da sesión por parte do Presidente.

As comunicacións que se emitan sobre os contidos das actas, así como os testemuños dos acordos recollidos nelas, expediránse cando proceda, coa sinatura do Secretario e o visto bo do Presidente.

Artigo 27 Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano de administración, xestión e representación de AFEXDI.

A Xunta Directiva estará composta polos seguintes membros:

- Presidente/a
- Vicepresidente/a
- Secretario/a
- Tesoureiro/a
- Tres Vocais

Para ser membro da Xunta Directiva é requisito indispensable a acreditación da súa condición de socio. Así mesmo deberán cumpri-los requisitos esixidos para ser membro da Asamblea Xeral.

Os cargos da Xunta Directiva serán gratuitos, sen perxuizo do dereito a ser indemnizados polos gastos que lles ocasione o cumprimento das súas funcións, previa aprobación dos mesmos e xustificación documental.

Tódolos membros da Xunta Directiva terán voz e voto neste órgano, non podendo exercer votos delegados. En caso de empate nas votacións, o Presidente poderá exercer un voto de calidade.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
ADMINISTRACIÓN LOCAL
DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Artigo 28 Duración da Xunta Directiva

Os compoñentes da Xunta Directiva serán elixidos por un período de catro anos, ainda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Tamén poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á xunta directiva e por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.

Se se produce a metade máis un de baixas na Xunta Directiva, esta deberá convocar inmediatamente Asamblea Xeral Extraordinaria para proceder a cubri-las vacantes producidas.

Mentres o número de baixas non sexa inferior a metade máis un, os membros cesantes, serán reemprazados na primeira Asamblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria, mentres tanto as vacantes poderán ser cubertas provisionalmente por designación da Xunta Directiva.

Artigo 29 Elección da Xunta Directiva

A elección e nomeamento da Xunta Directiva realizarase en Asamblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto:

- As candidaturas serán presentadas en listas pechadas e elixidas por maioría absoluta, no caso de presentarse máis dunha candidatura, será elixida a máis votada.

- As votacións serán a man alzada, a non ser que a maioría dos asistentes da Asamblea solicite o voto secreto.

- Os cargos da Xunta Directiva serán nomeados e ratificados na mesma Asamblea.

Artigo 30 Funcións da Xunta Directiva

Corresponde á Xunta Directiva:

1.- Executa-la política de AFEXDI e os acordos adoptados na Asamblea Xeral.

2.- Administra-lo patrimonio de AFEXDI.

3.- Decidir sobre a realización de programas que vaian a ser executados ou coordinados dende AFEXDI.

4.- Admiti-los socios que soliciten o ingreso en AFEXDI, asi como acorda-la suspensión temporal dos dereitos dun socio.

5.- Determina-la orde do día da Asamblea Xeral.

6.- Cubrir, con carácter provisional, as vacantes que se produzan na Xunta Directiva.

7.- Nomear presidente e socios de honra, asi como admiti-los colaboradores.

8.- Facultar, por medio de poderes ás persoas que estime axeitado.

9.- Preparar cantos documentos deban ser aprobados pola Asamblea Xeral.

10.- Propoñer ou decidir sobre calquera asunto de competencia e interese de AFEXDI e que non estea reservado legal ou estatutariamente á Asamblea Xeral.

11.- En xeral, todas aquelas actividades ou acordos que redunden no beneficio de AFEXDI dos que deberá dar conta á Asamblea.

12.- Resolver, na arbitraxe de equidade ou por mediación, as controversias que poidan existir entre os socios de AFEXDI. Esta actuación poderá ser efectuada por sí ou por delegación, designando unha comisión a tal efecto, que poderá estar integrada por persoas que non formen parte da Xunta Directiva.

13.- Interpreta-los presentes Estatutos.

Artigo 31 Funcionamento da Xunta Directiva

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente ou Vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

O cargo de directivo ostántase a título persoal, polo que, cando non sexa posible a asistencia, só poderá delegarse a representanción noutro membro da Xunta Directiva no caso da asistencia a actos da entidade.

A convocatoria das sesións, que comprenderá en todo caso a orde do día correspondente, será feita polo Presidente da Xunta Directiva ou persoa en quen delegue, coa antelación mínima de sete días salvo caso de especial urxencia. A composión da orde do día das sesións corresponderá ó Presidente, a proposta do Secretario, quen terá en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros.

A Xunta Directiva quedará constituida cando concorran a metade máis un dos seus membros. Para que os acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioria simple dos asistentes, que sucede cando os votos afirmativos superen os negativos.

Cando o estime oportuno a Xunta Directiva ou o Presidente, poderán acudir á reunión da mesma persoas non pertencentes a ela con carácter de asesores.

Artigo 32 comisión permanente

Poderá crearse unha comisión permanente que terá a misión de exercer cotidianamente e de maneira máis axil o goberno de AFEXDI. A composición da mesma será establecida por acordo da Xunta Directiva.

Artigo 33 Comisión de Ética

Poderase crear unha Comisión de Ética composta por persoas pertencentes ou non a AFEXDI, designadas pola Xunta Directiva.

Terá como finalidade, a de vela-las actuacións tanto de AFEXDI, como as dos seus socios a título individual para que sexan éticas e lícitas. Esta comisión non terá carácter executivo.

Artigo 34 Presidente

Son funcións do Presidente:

1. Representar oficialmente a AFEXDI.

2. Convocar e presidi-las reunións da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva, dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.

3. Nomear Asesor/es, que serán ratificados pola Xunta Directiva, e de asignarlle as tarefas axeitadas e coa obriga de informar á Xunta Directiva, das recomendacións e informes emitidos por éstes. As resolucións de calquera asesor non son vinculantes en ningún caso.

4. Permitir ou non, a presencia de invitados nas reunións da Xunta Directiva e nas Asambleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias.

5. Ordena-los pagos con cargo ós fondos de AFEXDI. Leva a sinatura conxunta do Secretario ou Tesoureiro.

6. A retirada dos fondos de AFEXDI depositados en entidades bancarias para o que precisará a sinatura do Secretario ou do Tesoureiro.

7. Autorizar coa súa sinatura as actas das reunións da Asamblea Xeral e a Xunta Directiva.

8. Velar pola execución dos acordos adoptados na Asamblea Xeral e na Xunta Directiva.

9. Subscribir contratos en nome de AFEXDI, outorgar poderes a terceiros, exercitar accións e interpoñer excepcións perante os órganos da xurisdicción ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herdanzas, aceptar endosos, recibir subvencións asi como realizar calquera outro acto equivalente de interese ós fins de AFEXDI.

10. Velar polo cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios de AFEXDI.

11. Calquera outro de interese para a execución dos Estatutos.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Artigo 35 Vicepresidente

O Vicepresidente sustituirá temporalmente ó Presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Así mesmo poderá asumir todas aquelas funcións do Presidente que este delegue expresamente nél.

No caso de substitución definitiva, esta seria ós efectos tan só de convocatoria de novas eleccións, establecida para un período de tres meses.

Artigo 36 Secretario

As funcións do Secretario son:

- Custodia-los libros, documentos e selo de AFEXDI, agás os libros de contabilidade.
- Leva-lo libro de rexistro de Socios.
- Redacta-las actas das Asambleas Xerais e da Xunta Directiva.
- Librar certificacións con referencia ós libros e documentos de AFEXDI co visto e prace do Presidente.
- Constituir e retira-los depósitos, abrir contas e retira-los fondos, sendo necesaria a sinatura do Presidente.
- Prepara-los puntos recollidos na orde do dia que se tratarán nas Asambleas Xerais. A Orde do Día enviarase os socios con quince días de antelación como mínimo.
- Responsabilizarase xunto co Presidente, do cumprimento dos Estatutos e dos fins e principios de AFEXDI.
- A organización dos servicios técnicos de AFEXDI.
- Impulso e control do funcionamento de AFEXDI.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
REXISTRO PROVINCIAL DE ASOCIACIÓNS
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

- A representación xurídica diante de todo tipo de instancias públicas e privadas, e de carácter administrativo e xudicial, por delegación do Presidente.

- Responsabilizarase de arquivos, ficheiros, asi como do bo funcionamento das tarefas administrativas, en xeral, de AFEXDI.

Artigo 37 Tesoureiro

As funcións do Tesoureiro son:

1. Custodiar e levar libros de Contabilidade.

2. Comunicar inmediatamente á Xunta Directiva o incumprimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica de AFEXDI.

3. Custodia-los fondos de AFEXDI , respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos que a Xunta Directiva estime necesarios para o normal funcionamento de AFEXDI. Para dispor dos fondos de AFEXDI, necesitará da sinatura do Presidente.

4. Farase cargo das cantidades que se ingresen en AFEXDI, arquivando os libramentos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.

5. Constituir e retira-los depósitos, abrir contas e retira-los fondos, sendo necesario a sinatura do Presidente.

6. Elaborará os orzamentos anuais e fará previsións de futuro.

7. Cobrará as cotas dos socios.

8. Solicitará as subvencións oficiais, publicas ou non, que se acorden periódicamente.

Artigo 38 Vocais

As funcións dos vocais son:

1. Asistir ás reunions da Xunta Directiva.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

2. Ostenta-la representación da Xunta Directiva nas comisións que se poidan formar para cumpri-los fins que marcan os Estatutos.

CAPITULO IV
DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 39 Impugnacións

1. Os acordos da Xunta Directiva poderán ser impugnados perante a Asamblea Xeral no prazo máximo de quince días dende que tiveran coñecemento de dito acordo os ausentes na reunión. Aqueles que estiveran presentes disporán do mesmo prazo.

Sen perxuizo das impugnacións, os acordos da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva son executivos agás que ditos órganos acorden a súa suspensión..

Artigo 40 Recursos

1. Os acordos adoptados na Xunta Directiva resolvendo impugnacións poderán ser recurribles perante a Asamblea Xeral no prazo de quince días.

2. A impugnación dos acordos da Asamblea Xeral, incluídos os que resolvan impugnacións de acordos da Xunta Directiva substanciaránse diante dos tribunais da xurisdicción ordinaria na forma e prazos que a lei determina.

CAPITULO V
RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 41 Recursos económicos

Para atender ós seus fíns, AFEXDI contará cos recursos seguintes.

1. As cotas que satisfagan os socios.

2. As subvencións, doazóns, donativos, legados e herdanzas que se fagan a favor da mesma.

3. Os bens propios, mobles e inmobles.

4. A Asociación carece de patrimonio na súa constitución.

5. Calquera outra achega que obteña para ser destinada o cumprimento dos seus fins.

6. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.

7. O capital fundacional de AFEXDI é cero euros.

Artigo 42 Cotas

As cotas serán das seguintes clases:

a) Cota periódica mensual ou ordinaria, que será satisfeita na proporción que estableza a Asamblea Xeral a proposta da Xunta Directiva, non sendo reintegrables en caso algún e adicaranse a atende-las necesidades da Asociación.

b) Cota Extraordinaria, na que a contía e condicións serán fixadas pola Asamblea Xeral cando as circunstancias o requiran.

c) A Asamblea Xeral reservarase o dereito de establecer unha cota de ingreso.

Artigo 43 Pago de cotas

As cotas periódicas deberán ser aboadas no prazo de un mes a partir da aprobación do orzamento anual correspondente.

A Xunta Directiva poderá acordar medidas disciplinarias para os socios que, no prazo previsto para as cotas periódicas mensuais e no que se estableza para as cotas extraordinarias, e sen causa xustificada non aboaran estas. Así mesmo, o/s socio/s que non abora/n a/s cota/s periódicas correspondentes durante máis de tres meses, e a extraordinaria no prazo establecido, perderá o seu dereito a voto na Asamblea Xeral. A persistencia na falta de pago das cotas poderá ser causa de expulsión.

Nembargantes, a Xunta Directiva poderá outorgar moratorias ou dispensa-lo pago total ou parcial das cotas fixadas nos casos nos que as

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

circunstancias o aconsellen, comunicándose de xeito inmediato esta decisión na primeira Asamblea Xeral que se celebre.

Artigo 44 Orzamento

AFEXDI funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador de orzamento será elaborado polo Tesoureiro, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asamblea Xeral Ordinaria. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraránse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos socios, durante un prazo non inferior a 15 dias ó sinalado para a celebración da Asamblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Para a aprobación dos orzamentos do exercicio, reunirase a Asamblea Xeral Ordinaria no primeiro semestre de cada ano.

CAPITULO VI
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 45 Procedemento de modificación

Os Estatutos de AFEXDI só poderán ser modificados previo acordo da Asamblea Xeral, convocada con carácter extraordinario, por decisión da Xunta Directiva ou a proposta da maioría dos socios, mediante escrito razoado dirixido á Xunta Directiva.

O acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria deberá ser adoptado por maioría dos dous tercios dos socios presentes e representados.

CAPITULO VII
DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 46 Disolución

AFEXDI poderá disolverse por algunha das seguintes causas:

a).-Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
b).-Por sentencia xudicial firme.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
E ADMINISTRACIÓN LOCAL
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

c).-Por vontade dos dous tercios dos socios manifestada na Asamblea Xeral Extraordinaria convocada o efecto.

Artigo 47 Comisión Liquidadora

Acordada a disolución de AFEXDI pola Asamblea Xeral ou decidida, no seu caso, pola autoridade xudicial, a Xunta Directiva, constituida en Comisión Liquidadora, procederá á liquidación do patrimonio de AFEXDI.

A Xunta Directiva poderá delega-la súa función en tres ou máis comisarios elixidos pola mesma entre os socios.

Artigo 48 Asambla Xeral no período de liquidación

Durante o período de liquidación, a Asamblea Xeral conservará a plenitude de poderes e facultades que tiña con anterioridade ó acordo de disolución.

Artigo 49 Destino dos bens resultantes

No caso de disolución definitiva, liquidadas tódalas obrigas pendentes que sexan de AFEXDI, o haber resultante doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña os mesmos ou similares fins os desta Asociación.

Disposición Adicional

En todo canto non esté previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e demáis disposicións complementarias.

D. Jorge Picouto Delgado, Secretario da Asociación a que se refiren éstos Estatutos, CERTIFICA que os presentes Estatutos foron modificados para adaptalos ás previsións da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria de data 23 de marzo de 2004.

En Santiago de Compostela a, 23 de abril de 2004

Vª e Prace
A Presidenta.,

-Julia Estremera Conti

O Secretario.,

-Jorge Picouto Delgado

INSCRICIÓN DE MODIFICACIÓN ASOCIACIÓN Nº 2.127/1ª

Inscrita a modificación por resolución do 31

de agosto 2006

ós sos efectos de publicidade de conformidade co artigo 22 da constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002.

O XEFE DA SECCIÓN

D. A. A Xefa do Negociado

Mª del Pilar Fernández P.